





**Consello Galego
de Participación
das Mulleres
no Ámbito
do Emprego
e as Relacións Laborais**

*Lei 2/2007 de 28 de marzo,
do traballo en igualdade das mulleres de Galicia
Decreto 181/2008, do 24 de xullo*



Órganos de Funcionamento



Órgano colexiado de carácter administrativo, consultivo e de participación adscrito á Consellería de Traballo, caracterizado pola libre adhesión das mulleres e por servir de interlocutor destas coa Xunta de Galicia. (Art. 1 Decreto)

FUNCIÓNS **(Art. 2 Decreto)**

- Interlocución coa Xunta de Galicia proponendo adopción de medidas relacionadas coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito do emprego e as RR.LL.
- Elaboración de estudos, informes ou consultas no ámbito do emprego e as RR.LL:
- Difusión dos valores da igualdade de oportunidades e a defensa dos dereitos e intereses das mulleres para erradicar a discriminación no ámbito do emprego e as RR.LL.
- Colaboración coa Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na negociación colectiva.



ÓRGANOS DE FUNCIONAMENTO (Art. 3 - 8 Decreto)

Presidencia (Art. 4 Decreto)

Persoa titular da Consellería de Traballo, ou persoa en quen esta delegue.

Funcións:

- Representar institucionalmente ao Consello
- Convocar as sesións ordinarias e extraordinarias
- Presidir as sesións do Pleno e moderar os debates.

Vicepresidencia (Art. 5 Decreto)

Persoa titular do departamento autonómico competente en materia de igualdade (Vicepresidencia de Igualdade e Benestar Social) ou persoa a quen designe.

Pleno (Art. 6 Decreto)

Composición:

- Presidencia
- Vicepresidencia
- Secretario/a: Persoa titular da **Unidade Administrativa de Igualdade (C^a de Traballo)**. Voz sen voto.
- Representación cuadripartita formada por:
 - 6 mulleres que representarán aos sindicatos máis representativos da C.A.
 - 6 mulleres que representarán á Confederación de Empresarios de Galicia.
 - 2 mulleres representantes de cada unha das asociacións de mulleres adheridas
 - 6 mulleres que representarán aos departamentos autonómicos competentes en Traballo e Igualdade.

Nivel de representatividade: 25% para cada parte presente no Pleno.

Posibilidade de asistencia cun maior número de representantes (máximo 3) de calquera das asociacións se na orde do día figura algún asunto que lle afecte directamente á asociación en cuestión.

Comisión Permanente (Art. 7 Decreto)

Elixirase polo Pleno entre os seus membros. Estará formada por 1 presidente/a e 3 vogais.

Secretario/a: Persoa titular da **Unidade Administrativa de Igualdade (C^a de Traballo)**. Voz sen voto.

Duración do mandato: 1 ano. Posibilidade de reelección por tempo indefinido.

Outras Comisións (Art. 8 Decreto)

Poderá acordar o Pleno a súa creación.



APOIO ADMINISTRATIVO

(Art. 9 Decreto)

Correspóndelle á **Unidade Administrativa de Igualdade** (Consellería de Traballo).
A persoa titular desta Unidade exercerá de Secretario/a do Pleno e as Comisións do Consello.

Funcións da Secretaría:

Asistir a todas as reunións do Pleno e das Comisións, con voz pero sen voto.

Efectuar a convocatoria do Pleno e das Comisións.

Recibir os actos de comunicación das persoas membros.

Despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.

Expedir certificacións das consultas, dictames e acordos aprobados.

Dar conta á Presidencia das posibles irregularidades que se puideran estar cometendo na celebración dunha sesión.

SESIÓNS

(Art. 10-13 Decreto)

Ordinaria

Convocarase pola Presidencia dentro do mes de xaneiro de cada ano.

Orde do día:

- Exposición pola Presidencia da Comisión Permanente das actividades realizadas no ano anterior.
- Debate e aprobación das actividades a realizar no ano seguinte.
- Designación das persoas membros da nova Comisión Permanente e da súa Presidencia.
- Aquelas cuestións que fosen solicitadas por 1/3 das asociacións de mulleres, 1/3 dos sindicatos máis representativos ou 1/3 das organizacións empresariais representadas no Pleno.
- Calquera outra proposta pola Presidencia ou a Vicepresidencia.

Enviarase xunto coa convocatoria unha exposición sobre a orientación e medidas concretas previstas ou adoptadas pola Consellería de Traballo para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Extraordinarias

A convocatoria realizaraa a Presidencia cando o considere oportuno ou cando a propoña polo menos 1/3 das organizacións representadas.

Desenvolvemento das sesións

Para a válida constitución do Pleno, presenza de: Presidencia, Secretario/a, 1/2 representantes dos sindicatos, 1/2 representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, 1/2 representantes das asociacións de mulleres e 1/2 das representantes da Xunta de Galicia.

Tratamento de asuntos que non figuran na orde do día: Necesaria presenza de 2/3 das representantes de cada unha das agrupacións e declaración de urxencia por maioría das persoas presentes.

Designacións para asistencia ás sesións

A persoa titular da Consellería de Traballo e a persoa titular da Vicepresidencia poderán designar cada unha ata dúas persoas para asistir ás sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno, con voz pero sen voto, para atender preguntas, rogos e suxestións.



RECURSOS ECONÓMICOS (Art. 14 Decreto)

Financiarase con cargo aos orzamentos da Consellería de Traballo e a través doutros recursos.
Poderase compensar ás organizacións pola asistencia das súas representantes ás sesións ordinarias ou extraordinarias do Pleno e da Comisión Permanente.
Tamén se cubrirán os gastos derivados da elaboración de estudos, informes ou consultas no ámbito do emprego e das RR.LL. que lle foran solicitados pola Xunta así como os honorarios do persoal técnico encargado da súa realización.
Poderanse financiar así mesmo outras actividades particularmente as de difusión dos valores da igualdade de oportunidades.

ADHESIÓN DAS ASOCIACIÓNS DE MULLERES AO Consello Galego de Participación das Mulleres. (Art. 15 – 23 Decreto)

Solicitarana ante a Consellería de Traballo. Resolveraa a persoa titular desta Consellería no prazo máximo de 3 meses. Silencio administrativo positivo.
Poderá solicitala calquera asociación con **implantación no ámbito galego**, legalmente constituída, representativa dos intereses das mulleres no ámbito do emprego e as relacións laborais e que entre os seus **fins principais** recollidos nos estatutos teña a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a erradicación de toda discriminación por razón de sexo no ámbito do emprego e das relacións laborais.

A **acreditación da implantación no ámbito galego** poderá facerse mediante certificación emitida polo Rexistro Galego de Asociacións, Rexistro Nacional de Asociacións ou calquera Rexistro Autonómico de Asociacións que acrediten o domicilio social ou a existencia dunha delegación estable e duradeira en Galicia. A acreditación tamén poderá realizarse mediante documento público ou privado onde conste a utilización do inmovible onde se encontra domiciliada a asociación.

A **acreditación da representatividade** farase xustificando documentalmente os seguintes requisitos:

- Nº de socias non inferior a 30.
- Realización de actividades públicas a favor da igualdade entre mulleres e homes.
- Participación en foros, encontros ou actividades organizadas polas Administracións Públicas dirixidas ás asociacións de mulleres.

A **acreditación de ter como finalidade esencial** a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a erradicación de toda discriminación por razón de sexo no ámbito do emprego e as relacións laborais farase mediante certificación do contido dos asentos emitida polo Rexistro Galego de Asociacións, Rexistro Nacional de Asociacións ou calquera Rexistro Autonómico de Asociacións onde conste esta finalidade.

Rexistro de asociacións de mulleres adheridas ao Consello Galego de Participación das Mulleres no Ámbito do Emprego e das Relacións Laborais. Levarao a Unidade Administrativa de Igualdade da Consellería de Traballo.



DEREITOS VINCULADOS Á ADHESIÓN

(Art. 22, 25 e 26 Decreto)

Unha vez inscritas no rexistro citado as asociacións de mulleres gozarán de todos os dereitos vinculados á adhesión.

As mulleres representantes das asociacións, das organizacións sindicais e da Confederación de Empresarios de Galicia que participen no Pleno do Consello terán dereito a:

- Asistir ao Pleno con dereito á compensación dos gastos causados.
- Participar nos debates das sesións, nas roldas de intervencións libres e obter a información que para o efecto necesiten.
- Participar na elección das persoas membros das comisións.
- Os demais dereitos que se establezan a favor das asociacións adheridas en calquera norma legal ou regulamentaria.

SEPARACIÓN DO CONSELLO

(Art. 23 e 24 Decreto)

VOLUNTARIA

Calquera asociación poderá de xeito voluntario darse de baixa do rexistro.

A baixa producirá efectos desde a data da notificación fidedigna á Administración. Non será necesaria unha aceptación expresa.

FORZOSA

Darase de baixa unha asociación do rexistro se se produce a perda sobrevida dalgunha das condicións que determinaron a resolución de adhesión ou por ausencia inicial de tales condicións, despois da tramitación do correspondente expediente e de realizar as comprobacións necesarias.

O expediente poderase iniciar de oficio, a instancia da propia asociación ou de calquera persoa física ou xurídica con interese lexítimo.



Para más información

Unidade Administrativa de Igualdade
Secretaría Xeral

Consellería de Traballo

<http://traballo.xunta.es/>

Correo electrónico: unidade.igualdade.traballo@xunta.es

Teléfonos:

881 997380 · 881 997381 · 881 997387 · 881 997256

D.L.: C 3961-2008

